



ACTA Nº 2019/10
SESIÓN PLENARIA

ACTA Nº 2019/10

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

XOVES 8 DE AGOSTO DE 2019



ACTA Nº 2019/10

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG
ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE
MARTA GARCÍA SÁNCHEZ
PP
JOSÉ DAVID PINTOR PAZO
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JOSE EMILIO MAHÍA NEIRA
JESÚS GÓMEZ GARCÍA
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO
COTOS

AUSENCIAS:

NON SE CONTA CON NINGUNHA
AUSENCIA

SECRETARIO:

RICARDO GARRIDO CANEDA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DESTE
CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O
XOVES 8 DE AGOSTO DE 2019**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Constátase a presenza dun único cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Dación de contas de Alcaldía.**
- 2.- Proposta de festivos locais para 2020.**
- 3.- Proposta de aprobación das bases reguladoras das subvencións en apoio da natalidade.**
- 4.- Rogos e preguntas.**



1.- Dación de contas de Alcaldía:

Dase conta da posta a disposición de tódolos membros do Pleno da corporación dos decretos de Alcaldía emitidos dende a última sesión plenaria, a saber, os correspondentes ós números 80 ó 89.

2.- Proposta de festivos locais para 2020:

Vista a necesidade de determinar e sinalar as datas correspondentes ás festividades locais para o exercicio 2020 tras comunicación realizada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia con data de entrada en rexistro de 17 de xullo de 2019.

Vista a necesidade de comunicar esas datas ó referido organismo con prazo límite de 15 de outubro de 2019.

Visto que é costume neste Concello declarar como festivos locais os días 25 de febreiro (Martes de Entroido) e 29 de xuño (San Pedro).

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda por unanimidade:

Primeiro: Declarar como festivos locais do concello de Vilasantar para o ano 2010 as datas 25 de febreiro (Martes de Entroido) e 29 de xuño (San Pedro).

Segundo: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

3.- Proposta de aprobación das bases reguladoras das subvencións en apoio da natalidade:

Vista a necesidade de favorecer o asenamento de poboación e o establecemento de mecanismos que favorezan a natalidade no concello de Vilasantar, afectado por un fenómeno de despoboamento común ó conxunto do mundo rural.

Visto que esta necesidade se ve contrastada cos datos obrantes no expediente relativos ós nados e nadas nos últimos cinco anos e nos meses que xa transcuriron no presente exercicio, os cales suman un total de 20 novos inscritos por nacemento no concello de Vilasantar.

Visto o réxime xurídico das subvencións, recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Visto o apartado segundo do artigo 17 da referida Lei 38/2003, no cal se establece que



as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Visto que esta última opción foi a escollida no seo deste procedemento e que as referidas bases se atopan recollidas no expediente administrativo e fiscalizadas favorablemente polo secretario interventor do concello de Vilasantar.

Visto que o órgano competente para a aprobación destas bases reguladoras é o Pleno da Corporación segundo establece a letra d do apartado dous do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto que o procedemento de aprobación das bases reguladoras das subvencións a través dunha ordenanza específica se atopa recollido no artigo 49 da referida Lei 7/1985.

Vista a intervención da representante do Bloque Nacionalista Galego, dona Marta García Sánchez, na que considera que no punto segundo da proposta de bases reguladoras, se debe especificar a residencia efectiva dos beneficiarios no concello de Vilasantar, co propósito dun asentamento real de poboación como propósito da liña de subvencións a crear.

Vista a intervención da mesma representante do Bloque Nacionalista Galego na que se fai constar a súa percepción acerca da baixa cuantía das axudas por nacementos, acollementos ou adopcións de fillos con discapacidade.

Vista a resposta do Alcalde ás dúas intervencións anteriores nas que se amosa aceptación das propostas feitas pola representante do Bloque Nacionalista Galego.

Vista que esta aceptación cristaliza nunha emenda transaccional ó texto inicial proposto consistente na inclusión no segundo punto das bases reguladoras da referencia á residencia efectiva dos beneficiarios da subvención, quedando redactado o apartado a do referido punto segundo do seguinte xeito: “Cando menos un dos proxenitores deberá atoparse empadroadado, e polo tanto residir, no concello de Vilasantar cunha antelación mínima de seis meses á data do parto ou acto de adopción ou acollemento.”

Vista que esta aceptación cristaliza nunha emenda transaccional ó texto inicial proposto consistente no incremento de 600€ (seiscentos euros) a 1000€ (mil euros) das axudas a nados dependentes, quedando redactado o terceiro apartado da base décima do seguinte xeito: “No caso de nacementos, acollementos ou adopcións de fillos con algunha discapacidade e teñan coñecido un grao igual ou superior ó 33% a contía da axuda poderá chegar a 1.000 euros ”

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases reguladoras das subvencións en apoio da natalidade do concello de Vilasantar coas modificacións acordadas na mesma sesión plenaria por unanimidade.



Segundo: Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente e se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ós efectos de información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

4.- Rogos e preguntas:

O Alcalde do Concello informa que no momento de realizarse a convocatoria non se tiña presentado ningún rogo ou pregunta, e dirixíndose ós presentes pregunta se se quere presentar algún ou algunha de xeito verbal.

A continuación, o representante do Bloque Nacionalista Galego, don Álvaro García Freire realiza unha pregunta referente ás obras efectuadas no muro da Igrexa de San Vicente en relación coa tituñaridade das mesmas. En concreto pregunta se esas obras foron realizadas polo Concello ou pola parcelaria. O Alcalde resposta indicando que foron obras executadas polo Concello.

A seguir, o mesmo representante do Bloque Nacionalista Galego emite pregunta en relación co cambio de tenentes de Alcalde deste Concello. O Alcalde resposta que no acordo onde se designaban Tenentes de Alcalde existía un erro.

Ás 13:25 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, á data que se recolle na marxe.

O secretario, Ricardo Garrido Caneda

Visto e prace, O alcalde, Fernando Javier Pérez Fernández